



EXPEDIENTE M3/2022 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO DE 2022

Expediente M3/2022 de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2022

MEMORIA DA ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao Pleno da Corporación o presente expediente, que ten por finalidade a modificación do Anexo de Investimentos. Non se modifica o estado de Gastos do Orzamento 2022. Modifícase o Anexo de Investimentos, documentación que se une ao Orzamento de acordo co artigo 168.1 do TRLRFL. As modificacións do Anexo de Investimentos de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

Dende a Área de Rehabilitación e Vivenda propónse a modificación do Anexo de Investimentos que consiste nunha minoración da anualidade 2022 do proxecto “Reurbanización San Andrés” para incrementar o proxecto “Convenio IGVS-Ministerio de Fomento. Plan de Vivenda 2018-2021”, reaxustándose ademais as anualidades do proxecto de San Andrés.

Os servizos de Interior e Deportes propoñen que se cambie a denominación de dous proxectos. O Servizo de Interior propón que o proxecto nº 76 pase a denominarse “Programa piloto eficiencia enerxética e placas solares en edificios e instalacións municipais”, e o Servizo de Deportes propón a modificación da denominación do proxecto nº 248 do Anexo de Investimentos, que pasará a denominarse “PROXECTOS COMPLEXOS: complexo Xuxán, complexo Palavea (Fábrica de Armas) e nova pista de skate no parque de Eirís”.

Por último, debido á finalización do proxecto EIDUS “Reforma do pavillón situado na Praza José Toubes Pego” e ao obxecto de aproveitar as economías deste proxecto, propónse desde o servizo de Infraestruturas que o proxecto “Plan de parques da cidade: pista de skate, multideportes e reurbanización Praza José Toubes, zona lecer urbano Barrio Xuxán e outros”, se desglose en dous proxectos diferenciados. Por un lado, créase un novo proxecto denominado “Pista de skate, multideportes e reurbanización da Praza José Toubes Pego. Obras incluídas no proxecto Eidus

Coruña”, e o saldo restante queda, por outra parte, no proxecto nº 150, que pasará a denominarse “Plan de parques e zonas de lecer urbano”.

Enténdese que as propostas efectuadas desde os distintos servizos afectados, axústanse ás necesidades efectivas de cada un deles e as modificacións propostas contribúen, eficazmente, a súa satisfacción.

II.- Este expediente modificativo, tal e como se reflicte no informe proposta, axústase ao establecido na Base 6ª das de Execución do Orzamento para 2022, que regulan as modificacións que afectan ao Anexo de Subvencións e Investimentos, de competencia plenaria, pero que na medida que non afectan aos créditos nin tampouco ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos, non é necesario o trámite de exposición pública; deste xeito so require unha única aprobación plenaria. Unha vez aprobada polo Concello-Pleno, será inmediatamente executivo, sen necesidade do trámite de información pública.

III.- No expediente consta as xustificacións das propostas efectuadas polos servizos xestores para a tramitación deste expediente M3/2022, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, que amparan suficientemente a súa tramitación.


IV.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento aprobado para rexeir no 2022 (M3/2022), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente non implica variacións nos estados de gastos nin de ingresos do orzamento, nin supón cambios na distribución por capítulos do mesmo.

Tramítase o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 17 de novembro de 2022

A ALCALDESA,



Asunto: Expediente M3/2022 de modificación do Anexo de Invetimentos do Orzamento 2022.

Destino: Xunta de Goberno Local e no seu caso Pleno da Corporación.

Sométese a informe desta Intervención Xeral o expediente de referencia. Examinado o mesmo emítese o seguinte

INFORME.

Proponse modificar o anexo de investimentos coas diferentes propostas de cambio de descripcións, aumentos e minoracións dos importes de proxectos vinculados cualitativamente pero na mesma aplicación orzamentaria, e que implican cambio dos importes da anualidade en curso e das anualidades futuras, tal e como se describe no informe da oficina orzamentaria.

Para o cambio proposto, que non afecta nin altera o estado de gastos do orzamento vixente e como ben di a oficina orzamentaria xa que se opera na mesma aplicación orzamentaria, so é necesario un único acordo do Pleno da Corporación, sen necesidade de información pública e sen dobre trámite de aprobación, de conformidade coa Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento 2022, xa que no hai alteracións dos créditos nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do exercicio corrente, polo que non implica en si mesmo modificación orzamentaria ningunha, senon só un cambio do anexo de investimentos.

Polo exposto non existe inconvenientes para que continúe o expediente para a súa aprobación polo Pleno do concello.

Non entanto advertimos que a nosa conformidade o é exclusivamente á tramitación da modificación proposta nos termos da normativa orzamentaria, pero non predetermina a calificación e sentido da fiscalización que se exteriorizará no momento que se execute o gasto vinculado co crédito orzamentario..


Non entanto, o Pleno resolverá.

É o meu informe.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E16I000Y	
Código de verificación  3Y56 3U3I 6P52 6G4A 0RLS	Expediente 36E/2022/18	
	Fecha 24-11-2022	

Expediente M3/2022 de modificación do Anexo de Invetimentos do Orzamento 2022

Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na sección 2ª do capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). As Bases de Execución do Orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da Corporación, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo atenderase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Na Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022, "Vinculacións xurídicas" régulanse expresamente as modificacións que se pretenden tramitar neste expediente dispoñendo que cando se trate de modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Invetimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

Propónse desde o Servizo de Rehabilitación e Vivenda, unha modificación do Anexo de Invetimentos que consiste en minorar a anualidade 2022 do proxecto nº 103, do Anexo de investimentos "Reurbanización San Andrés" para incrementar o proxecto nº 105 do AI denominado "Convenio IGVS - Ministerio de Fomento. Plan de Vivenda 2018-2021". Financiado con préstamo. Reaxústanse os importes das anualidades do proxecto.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

O proxecto de Reurbanización "San Andrés" foi obxecto dunha revisión de prezos do proxecto, debido ao tempo transcorrido desde a firma do proxecto e as circunstancias externas que alteran os prezos da produción e subministración de materiais e man de obra. O importe total destinado a este proxecto no orzamento de 2022 era de 2.793.501,82€ e pasa a ser de 3.693.131,87€.

O importe previsto para as obras de urbanización do ARRU Ventorrillo 1ª Fase, 380.000,00€ resulta ser insuficiente para as obras proxectadas, xa que o presuposto base de licitación ascende a 470.000,00€, ademais dos honorarios do proxecto, imputados ao mesmo código de proxecto. Desde a Concellería considérase esta obra urxente e inaprazable. Para licitala propoñen minorar a anualidade 2022 de Reurbanización "San Andrés".

Desde o Servizo de Deportes modifícase a finalidade específica do proxecto nº 248 do Anexo de Investimentos que se denomina "PROXECTOS COMPLEXOS: complexo Xuxán e complexo Palavea (Fábrica de Armas)" e propoñen que pase a denominarse "PROXECTOS COMPLEXOS: complexo Xuxán, complexo Palavea (Fábrica de Armas) e nova pista de skate no parque de Eiris". Mantendo os importes das anualidades e o importe total, inclúese a actuación na pista de skate no parque de Eiris.

O Servizo de Interior propón que o proxecto nº 76 do AI denominado "Programa piloto placas solares en edificios e instalacións municipais", financiado con préstamo e vinculado, que figura no Anexo de investimentos cunha anualidade 2022, pase a denominarse "Programa piloto eficiencia enerxética e placas solares en edificios e instalacións municipais" e que se lle engada a anualidade 2023 cun importe de 100.000,00€. O importe total do proxecto queda fixado en 350.000,00€.

Por último, debido á finalización do proxecto EIDUS "Reforma do pavillón situado na Praza José Toubes Pego" e ao obxecto de aproveitar as economías deste proxecto, propónse desde Infraestruturas que o proxecto nº 150 do AI denominado "Plan de parques da cidade: pista de skate, multideportes e reurbanización Praza José Toubes, zona lecer urbano Barrio Xuxán e outros", se desglose en dous proxectos diferenciados, de forma que as actuacións en Toubes recollan as economías existentes no Código de proxecto do pavillón Toubes finalizado. Créase o novo proxecto "Pista de skate, multideportes e reurbanización da Praza José Toubes Pego. Obras incluídas no proxecto EidusCoruña cofinanciado por fondos FEDER", cuxo financiamento será: 83.682,48€ de FEDER e 366.419,55€, de préstamo que provén do orixinal nº 150 do Anexo de Investimentos.

O total do importe da actuación do nº 150 do AI eran 500.000,00€, polo que restan 133.580,45€ (500.000,00 – 366.419,55), que quedan no nº 150 que pasa a denominarse "Plan de parques e zonas de lecer urbano".



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

AREA DE GOBERNO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
ECONOMIA, FACENDA E REXIME INTERIOR	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. CAMBIO DENOMINACIÓN PROXECTO E MODIFICACIÓN ANUALIDADES DO PROXECTO	20.933.62700	0,00	2022 2 20 2	Modificar o proxecto nº 76 do AI denominado "Programa piloto placas solares en edificios e instalacións municipais" que pasa a denominarse "Programa piloto eficiencia enerxética e placas solares en edificios e instalacións municipais". Engádesse unha anualidade 2023 por importe de 100.000,00€. Total proxecto 350.000,00€
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. MINORACIÓN E MODIFICACIÓN DE IMPORTES E ANUALIDADES DO PROXECTO	30.1522.60907	-102.252,50	2022 2 30 13	Minorar a anualidade 2022 do proxecto nº 103 do AI denominado "Reurbanización San Andrés" para incrementar o proxecto nº 105 do AI denominado "Convenio IGVS - Ministerio de Fomento. Plan de Vivenda 2018-2021". Financiado con préstamo. Modificar as anualidades 2022 e futuras do proxecto nº 103: Importe 2022: 1.007.596,12€; 2023: 833.183,57€ e 2024: 1.852.352,18€. Importe total do proxecto 3.693.131,87€
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. INCREMENTO PROXECTO	30.1522.60907	102.252,50	2018 3 30 1 1	Incrementar o proxecto nº 105 do AI denominado "Convenio IGVS - Ministerio de Fomento. Plan de Vivenda 2018-2021" para a execución do proxecto de Reurbanización do ARI Ventorrillo - Casas de Franco 1ª fase, financiado coa minoración da anualidade 2022 do proxecto nº 103 do AI denominado "Reurbanización San Andrés". Financiado con préstamo
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. MINORACIÓN E CAMBIO DENOMINACIÓN	30.171.60911	-366.419,55	2022 2 30 25	Minorar o proxecto nº 150 do AI denominado " Plan de parques da cidade: pista de skate, multideportes e reurbanización Praza José Toubes, zona lecer urbano Barrio Xuxán e outros " para crear un novo proxecto no AI denominado "Pista de skate, multideportes e reurbanización da Praza José Toubes Pego. Obras incluídas no proxecto EidusCoruña cofinanciado por fondos FEDER". Financiado con préstamo. O proxecto nº 150, queda cunha anualidade 2022 de 133.580,45€ e pasará a denominarse "Plan de Parques e zonas de lecer urbano". A anualidade 2023 deste proxecto nº 150 mantense en 1.014.847,54€. Importe total do proxecto: 1.148.427,99€



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

AREA DE GOBERNO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. CREACIÓN NOVO PROXECTO	30.171 .60911	366.419,55	2018 2 E80 3	Crear un novo proxecto no AI denominado "Pista de skate, multideportes e reurbanización da Praza José Toubes Pego. Obras incluídas no proxecto EidusCoruña cofinanciado por fondos FEDER", procedente da minoración do proxecto nº 150 do AI. Financiando esta modificación con préstamo. O proxecto completará o seu financiamento posteriormente cunha xeración de crédito por importe de 83.682,48€ de CI FEDER.
DEPORTES	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. CAMBIO DENOMINACIÓN PROXECTO	52.342 .62700	0,00	2022 2 52 6	Modificar o proxecto nº 248 do AI denominado " PROXECTOS COMPLEXOS: complexo Xuxán e complexo Palavea (Fábrica de Armas)" que pasa a denominarse "PROXECTOS COMPLEJOS: complexo Xuxán, complexo Palavea (Fábrica de Armas) e nova pista de skate no parque de Eirís ". As anualidades mantéñense: 2022: 500.000€; 2023: 1.500.000€. Importe total do proxecto 2.000.000€

De acordo coa Base 8ª das de execución do Orzamento, a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para comprometer gastos plurianuais calquera que sexa o seu importe e duración. Incluindo a posibilidade de ampliar o número de anualidades, modificar importes e elevar porcentaxes de gastos plurianuais a que refírese o artigo 174.3 do TRLRFL.

Con todo, ao tratarse de modificacións de proxectos vinculados cualitativamente, considérase que a competencia para a aprobación da modificación osténtaa o Pleno da Corporación.

Trátase de modificacións do Anexo de investimentos, de proxectos vinculados cualitativamente, de competencia plenaria que non implican modificación das aplicacións orzamentarias. Por iso, de acordo coa Base 6ª das de Execución do Orzamento, requiren unha única aprobación polo Pleno da Corporación.

II. O expediente de modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2022 que se somete ao Excmo. Concello Pleno, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do Expediente. Nesta Memoria e na restante documentación que se une ao expediente, recóllese e xustifícase que esta modificación require unha única aprobación do Pleno da Corporación.

O expediente M3/2022 de modificación do Anexo de Investimentos de 2022 que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, segundo consta no certificado que obra no expediente, de conformidade co establecido no art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

do Goberno Local), vistos os informes obrantes no mesmo e previo ditame emitido pola Comisión informativa de Facenda e Administración Xeral sométese a aprobación polo Pleno da Corporación. Unha vez producida a aprobación polo Pleno, por maioría simple dos membros presentes, a modificación será efectiva. O expediente non necesita exposición pública (Base 6ª das de Execución do Orzamento de 2022).

III. Conforme a normativa citada, formúlase ao Excmo. Concello Pleno a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2022, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulada “Expediente M3/2022. Modificacións do Anexo de Investimentos”.
2. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, na data de firma dixital deste documento electrónico.

Mª Teresa Arcas González
Xefa de Departamento de Orzamentos e Estudos Económicos

Conforme,
Manuel Ángel Jove Losada
Director da área de Economía, Facenda e Réxime Interior

Vº e praxe
Jose Manuel Lage Tuñas
Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior



Expediente M3/2022. Modificacións do Anexo de Invetimentos

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
ECONOMIA, FACENDA E REXIME INTERIOR	INTERIOR	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. CAMBIO DENOMINACIÓN PROXECTO E MODIFICACIÓN ANUALIDADES DO PROXECTO	20.933.62700	Proxectos complexos	0,00	2022 2 20 2	CUALITATIVA	Modificar o proxecto nº 76 do AI denominado "Programa piloto placas solares en edificios e instalacións municipais" que pasa a denominarse "Programa piloto eficiencia enerxética e placas solares en edificios e instalacións municipais". Engádese unha anualidade 2023 por importe de 100.000,00€. Total proxecto 350.000,00€
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	REHABILITACION E VIVENDA	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. MINORACIÓN E MODIFICACIÓN DE IMPORTES E ANUALIDADES DO PROXECTO	30.1522.60907	Investimento novo obras de urbanización	-102.252,50	2022 2 30 13	CUALITATIVA	Minorar a anualidade 2022 do proxecto nº 103 do AI denominado "Reurbanización San Andrés" para incrementar o proxecto nº 105 do AI denominado "Convenio IGVS - Ministerio de Fomento. Plan de Vivenda 2018-2021". Financiado con préstamo. Modificar as anualidades 2022 e futuras do proxecto nº 103: Importe 2022: 1.007.596,12€; 2023: 833.183,57€ e 2024: 1.852.352,18€. Importe total do proxecto 3.693.131,87€
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	REHABILITACION E VIVENDA	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. INCREMENTO PROXECTO	30.1522.60907	Investimento novo obras de urbanización	102.252,50	2018 3 30 1 1	CUALITATIVA	Incrementar o proxecto nº 105 do AI denominado "Convenio IGVS - Ministerio de Fomento. Plan de Vivenda 2018-2021" para a execución do proxecto de Reurbanización do ARI Ventorrillo - Casas de Franco 1ª fase, financiado coa minoración da anualidade 2022 do proxecto nº 103 do AI denominado "Reurbanización San Andrés". Financiado con préstamo




**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. MINORACIÓN E CAMBIO DENOMINACIÓN	30.171 .60911	Mobiliario urbano en espazos públicos	-366.419,55	2022 2 30 25	CUALITATIVA	Minorar o proxecto nº 150 do AI denominado " Plan de parques da cidade: pista de skate, multideportes e reurbanización Praza José Toubes, zona lecer urbano Barrio Xuxán e outros " para crear un novo proxecto no AI denominado "Pista de skate, multideportes e reurbanización da Praza José Toubes Pego. Obras incluídas no proxecto EidusCoruña cofinanciado por fondos FEDER". Financiado con préstamo. O proxecto nº 150, queda cunha anualidade 2022 de 133.580,45€ e pasará a denominarse "Plan de Parques e zonas de lecer urbano". A anualidade 2023 deste proxecto nº 150 mantense en 1.014.847,54€. Importe total do proxecto: 1.148.427,99€
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. CREACIÓN NOVO PROXECTO	30.171 .60911	Mobiliario urbano en espazos públicos	366.419,55	2018 2 E80 3	CUALITATIVA	Crear un novo proxecto no AI denominado "Pista de skate, multideportes e reurbanización da Praza José Toubes Pego. Obras incluídas no proxecto EidusCoruña cofinanciado por fondos FEDER", procedente da minoración do proxecto nº 150 do AI. Financiando esta modificación con préstamo. O proxecto completará o seu financiamento posteriormente cunha xeración de crédito por importe de 83.682,48€ de CI FEDER.
DEPORTES	DEPORTES	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. CAMBIO DENOMINACIÓN PROXECTO	52.342 .62700	Proxectos complexos	0,00	2022 2 52 6	CUALITATIVA	Modificar o proxecto nº 248 do AI denominado " PROXECTOS COMPLEXOS: complexo Xuxán e complexo Palavea (Fábrica de Armas)" que pasa a denominarse "PROXECTOS COMPLEJOS: complexo Xuxán, complexo Palavea (Fábrica de Armas) e nova pista de skate no parque de Eiris ". As anualidades manteñense: 2022: 500.000€; 2023: 1.500.000€. Importe total do proxecto 2.000.000€



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

Área / Unidad ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 SMP	Documento 12316I00DB	
Código de verificación  5U65 6M4H 6U05 1Z6W 0UFE	Expediente 123/2022/54	
	Fecha 29-11-2022	

Asunto Certificado Asunto 3. Pleno extraordinario e urgente do 29.11.2022 Aprobación do expediente de modificación do anexo de investimentos do Orzamento de 2022 (M3/2022)	Interesado
---	------------

Manuel José Díaz Sánchez, secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

Expte. 36E/2022/18
Aprobación do expediente de modificación do anexo de investimentos do Orzamento de 2022 (M3/2022).

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno en sesión extraordinaria e urgente celebrada o día 29 de novembro de 2022 adoptou, por unanimidade os seguintes acordos, co voto a favor dos Grupos Municipais do Partido Socialista (9 votos), Partido Popular (9 votos), do Grupo Municipal da Marea Atlántica (4 votos), do Bloque Nacionalista Galego (2 votos) e das concelleiras non adscritas dona Mónica Martínez Lema (1 voto) e dona Isabel Faraldo (1 voto):

- 1.- Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2022, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulada “Expediente M3/2022. Modificacións do Anexo de Investimentos”. (Achégase anexo)
- 2.- Facultar á Alcaldesa para a adopción

Manuel José Díaz Sánchez, secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

Expte. 36E/2022/18
Aprobación del expediente de modificación del anexo de inversiones del Presupuesto de 2022 (M3/2022).

CERTIFICO: *Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno en sesión extraordinaria y urgente celebrada el día 29 de noviembre de 2022 adoptó, por unanimidad, los siguientes acuerdos, con el voto a favor de los Grupos Municipales del Partido Socialista (9 votos), Partido Popular (9 votos), del Grupo Municipal de la Marea Atlántica (4 votos), del Bloque Nacionalista Galego (2 votos) y de las concejales no adscritas doña Mónica Martínez Lema (1 voto) y doña Isabel Faraldo (1 voto):*

- 1.- Aprobar el expediente de modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2022, incorporando los cambios detallados en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M3/2022. Modificaciones del Anexo de Inversiones”. (Se adjunta Anexo)*
- 2.- Facultar a la Alcaldesa para la*



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao amparo e coa condición prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

Vº e Pr
Segunda tenenta de alcaldesa
Eudoxia María Neira Fernández

adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y a resultas del texto definitivo del acta.

A Coruña, en la fecha de la firma electrónica de este documento

Secretario xeral do Pleno,
Manuel José Díaz Sánchez



Expediente M3/2022. Modificaciónes do Anexo de Inversións

AREA DE GOBERNO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
ECONOMIA, FACENDA E REXIME INTERIOR	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. CAMBIO DENOMINACIÓN PROXECTO E MODIFICACIÓN ANUALIDADES DO PROXECTO	20.933 .62700	0,00	2022 2 20 2	Modificar o proxecto nº 76 do AI denominado "Programa piloto placas solares en edificios e instalacións municipais" que pasa a denominarse "Programa piloto eficiencia enerxética e placas solares en edificios e instalacións municipais". Engádesse unha anualidade 2023 por importe de 100.000,00€. Total proxecto 350.000,00€
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. MINORACIÓN E MODIFICACIÓN DE IMPORTES E ANUALIDADES DO PROXECTO	30.1522.6090 7	-102.252,50	2022 2 30 13	Minorar a anualidade 2022 do proxecto nº 103 do AI denominado "Reurbanización San Andrés" para incrementar o proxecto nº 105 do AI denominado "Convenio IGVS - Ministerio de Fomento. Plan de Vivenda 2018-2021". Financiado con préstamo. Modificar as anualidades 2022 e futuras do proxecto nº 103: Importe 2022: 1.007.596,12€; 2023: 833.183,57€ e 2024: 1.852.352,18€. Importe total do proxecto 3.693.131,87€
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. INCREMENTO PROXECTO	30.1522.6090 7	102.252,50	2018 3 30 1 1	Incrementar o proxecto nº 105 do AI denominado "Convenio IGVS - Ministerio de Fomento. Plan de Vivenda 2018-2021" para a execución do proxecto de Reurbanización do ARI Ventorrillo - Casas de Franco 1ª fase, financiado coa minoración da anualidade 2022 do proxecto nº 103 do AI denominado "Reurbanización San Andrés". Financiado con préstamo
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. MINORACIÓN E CAMBIO DENOMINACIÓN	30.171 .60911	-366.419,55	2022 2 30 25	Minorar o proxecto nº 150 do AI denominado " Plan de parques da cidade: pista de skate, multideportes e reurbanización Praza José Toubes, zona lecer urbano Barrio Xuxán e outros " para crear un novo proxecto no AI denominado "Pista de skate, multideportes e reurbanización da Praza José Toubes Pego. Obras incluídas no proxecto EidusCoruña cofinanciado por fondos FEDER". Financiado con préstamo. O proxecto nº 150, queda cunha anualidade 2022 de 133.580,45€ e pasará a denominarse "Plan de Parques e zonas de lecer urbano". A anualidade 2023 deste proxecto nº 150 mantense en 1.014.847,54€. Importe total do proxecto: 1.148.427,99€
URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. CREACIÓN NOVO PROXECTO	30.171 .60911	366.419,55	2018 2 E80 3	Crear un novo proxecto no AI denominado "Pista de skate, multideportes e reurbanización da Praza José Toubes Pego. Obras incluídas no proxecto EidusCoruña cofinanciado por fondos FEDER", procedente da minoración do proxecto nº 150 do AI. Financiando esta modificación con préstamo. O proxecto completará o seu financiamento posteriormente cunha xeración de crédito por importe de 83.682,48€ de CI FEDER.
DEPORTES	MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS. CAMBIO DENOMINACIÓN PROXECTO	52.342 .62700	0,00	2022 2 52 6	Modificar o proxecto nº 248 do AI denominado " PROXECTOS COMPLEXOS: complexo Xuxán e complexo Palavea (Fábrica de Armas)" que pasa a denominarse "PROXECTOS COMPLEJOS: complexo Xuxán, complexo Palavea (Fábrica de Armas) e nova pista de skate no parque de Eirís ". As anualidades manteñense: 2022: 500.000€; 2023: 1.500.000€. Importe total do proxecto 2.000.000€